

## Comprensión lectora: O "RIFANTE".

♠ **Dramatiza** o texto, pero **ollo** coa **entoación** e as **pausas**.

### O "RIFANTE"

Publicado o [29 de Abril de 2010](#)

O "Rifante" era un mariñeiro que ganaba pesos que na súa bolsa gardábanse talmente como auga nunha peneira. En terra o Rifante non tiña caletre ningún; en canto poñía pé no seu barco, trocábase nun sabio. Tiña moitos fillos e moitos netos e todos a gastar a barullo porque o mar daba para todo.



Ninguén lle negou o creto de bo patrón e de bo cristiano que tiña; mais ás veces parecía ter tratos co demo. Habían de larga-lo aparello outros mariñeiros e non habían de coller ren; chegaba o "Rifante" e collía unha fartura de peixe.

O "Rifante" era fartureto de seu. Estando a pique de morrer afogado ofreceuse a Nosa Señora e regaloulle un manto de seis mil réas, ademais da misa cantada, música, foguetes, traxes novos e comida a fartar.

O "Rifante" tiña fe na súa fada. Unha vez enfermouse e fixo de patrón o fillo máis vello. En canto volveu do mar, o fillo achegouse ó leito do pai e tateando de medo contoulle que o aparello quedara trabado nunhas pedras. O "Rifante" dixo simplemente: "Non teñas medo, Ramón; o mar levouno, o mar dará para outro". E despois calou e virouse cara á parede.

¡Que confianza tiña o "Rifante" no mar!

Pero tanta fartura minguou de súpeto e a fame foi entrando en tódolos fogares. Tal aconteceu cando as traíñas mataron o xeito.

O "Rifante" apareceu un día diante do meu pai, amigo seu dende nenos e ademais conselleiro.

— ¿Sabes unha cousa? —dixo—. Hai fame, ifame!, na casa do "Rifante". Ti xa sabes que nunca pedín nada a ninguén; mais agora veño petar na túa porta para que me emprestes mil réas. Quero botarlle un balcón novo á miña casa, ¿sabes?, e así a xente que vexa que ando en obra non pensará que os meus non teñen que levar á boca.

Meu pai, que percorreu moito mundo, aseguroulle que a fame cúrase con pan, mais o "Rifante" púxose teso e volveu a falar.

— A vergonza é peor que a fame.

E seguro meu pai de non convencer en terra a un home que somentes ten intelixencia no mar, abreu a gabeta e colleu mil réas, pero o "Rifante" atallouno:

— Non, agora non mos deas; xa virei por eles.

Na noite daquel día velaí se sinteu unha tropa na nosa casa. Era o “Rifante” que viña coa muller, os fillos, os xenros, as noras e os netos; todos en procura dos mil réas.

A patulea do “Rifante” encheu a casa toda e daba medo pensar cómo formarían roda demandando pan ó seu Patriarca.

O “Rifante”, coa gorra encachada até as orellas, pideulle os cartos a meu pai e, ó recibilos das súas mans, descubreuse relixiosamente e, amostrándollos a todos, dixo con solenidade:

— Miña muller e meus fillos, se morro, xa sabedes que se lle deben cincoenta pesos a iste home.

E sen decir outra verba, tapou a cabeza e foise diante de todos, escaleira abaixo.

<http://www.manuelrivas.com/cousas/o-rifante/>

♠ **Explica o significado** das seguintes **expresións**.

a) «ganaba pesos que na súa bolsa gardábanse talmente como auga nunha peneira»

---

---

---

---

b) «ás veces parecía ter tratos co demo»

---

---

---

---

c) «O “Rifante” era farturento de seu»

---

---

---

d) «Tal aconteceu cando as traíñas mataron o xeito»

---

---

---

♠ **Dá a túa opinión razoada sobre** estas palabras do “Rifante”:

**«A vergonha é pior que a fome».**

---

---

---

---

---

♠ **Describe** o “**Rifante**” a partir dos **datos** sobre o seu **aspecto** e **personalidade** que oferece Castela no **relato**. (Aproximadamente 100 palabras)

[illegible]